

PRÁCTICAS

No 4º curso realízanse prácticas curriculares (6 ECTS).

A Escola ofrece ao alumnado a posibilidade de realízalas en diversos museos, empresas e outras entidades vinculadas ao patrimonio cultural tanto en Galicia, como no resto de España ou no estranxeiro.

ERASMVS

O Programa Erasmus Plus da Escola permite a realización de estudos ou prácticas no estranxeiro, en centros de formación ou en institucións especializadas na conservación do patrimonio.

A Escola conta cun amplo abano de destinos que medra cada curso.


A Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais é un centro público, dependente da Xunta de Galicia.

Creado en 1991, é o único centro en Galicia que imparte esta titulación, equivalente a todos os efectos a Grao Universitario.

Ofértanse tres especialidades: conservación e restauración de arqueoloxía, escultura e pintura.



ESCOLA · SUPERIOR
DE · CONSERVACION
E · RESTAURACION
DE · BENS · CULTURAIS
DE · GALICIA



PERFIL PROFESIONAL

As persoas tituladas poden traballar na conservación e restauración do patrimonio cultural tanto no ámbito público como no privado, así como na montaxe, traslado e custodia de exposicións, xestión do patrimonio, investigación ou docencia.

Rúa Xeneral Martitegui s/n
36002 Pontevedra
886 15 97 35

escola.conservacion.galicia@edu.xunta.gal
escolaconservacion.gal



Os 240 ECTS destes estudos están repartidos en 4 cursos cun alto contido en formación práctica.

PRIMEIRO E SEGUNDO CURSOS:

Formación xeral teórico-práctica sobre conservación e restauración, historia da arte, fotografía, química, procedementos artísticos ou a informática, entre outras materias.

TERCEIRO E CUARTO CURSOS:

▪ Especialidade de bens arqueolóxicos.

Nesta especialidade abórdanse metodoloxías específicas para o estudo e o tratamento de diferentes materiais coma mosaico, cerámica, vidro, pedra, metais ou materiais orgánicos.

▪ Especialidade de escultura.

Os estudantes desta especialidade fórmanse en metodoloxías específicas para o estudo e tratamento de esculturas feitas en materiais como madeira policromada, pedra, metal e outros materiais orgánicos e inorgánicos.

▪ Especialidade de pintura.

Esta especialidade céntrase no estudo e tratamento de obras pictóricas realizadas sobre soportes como tea, táboa ou muro, así como de obras de arte contemporánea na súa diversidade técnica.

Ensino individualizado, aprende traballando sobre obra real

O ensino é moi individualizado, cun máximo de dez estudantes por aula nas materias prácticas.

A aprendizaxe realízase con obra real cedida por institucións públicas.



Profesión que une
ciencia e arte



PROBAS de ACCESO

REQUISITOS PARA A MATRÍCULA NA PROBA:

- Non é necesaria a ABAU.
- Bacharelato (calquera itinerario) ou equivalente.
- Ter superada a proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para aspirantes que non cumpran o requisito de titulación.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

* Acceso directo para persoas en posesión dun Título Superior en Artes Plásticas e Deseño

DATAS:

INSCRICIÓN: mes de maio.

REALIZACIÓN: mes de xuño.

Centro único
en Galicia

